

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de novembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 2/428 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día vinte e dous de xuño de 2011, polo que se concedía licenza para parcelamento da parcela matriz 5009, polígono 503, e parcela 61, polígono 3, da parroquia de Orbazai.

Tamén se acordo a concesión das seguintes licenzas: para a instalación dunha carpa prefabricada para área de xogo no Centro Comercial As Termas, sito na avda. Infanta Elena, número 213; para a ampliación de semisoto na vivenda unifamiliar con licenza número 6/2013 no núcleo rural 18.3 Galegos de Abaixo-Xuíz (Norte), Parroquia de Castelo-Santiago de Afora e para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Cornubia.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a execución da opción de compra do contrato de adquisición de furgoneta mixta para o Servizo de Conserxería.

Tamén se accorda a revisión de prezos para o período comprendido entre o 5 de agosto de 2013 e o 4 de agosto de 2014 para a actualización do contrato asinado coa empresa encargada da prestación do servizo de control de pombas na cidade de Lugo.



3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao desistir da licenza de obras solicitada para legalización de ampliación de dúas naves industriais sitas na Estrada da Coruña, 50.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

4. MERCADOS.- Acórdase o traspaso do posto número 23 do Mercado de Abastos Municipal.

Tamén se acorda a cesión temporal dos postos 16 e 17 do Mercado de Abastos Municipal.

Así mesmo, acórdase a prórroga de cesión temporal e renumeración dos postos na praza e Mercado de Abastos.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para corte de gando vacún de leite e fosa de zurro, para situar en Pollido-Coeses.
- Acórdase a modificación do Regulamento Orgánico Municipal e adscrición temporal de funcións de xestión orzamentaria á Intervención Xeral.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:DuRp7IObz3u5FtHvvVMSYQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	15/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	DuRp7IObz3u5FtHvvVMSYQ==	PÁGINA 2/2


DuRp7IObz3u5FtHvvVMSYQ==